



Castelo de Carbedo



<b>DISTANCIA</b> 7,8 Km	<b>TEMPO ESTIMADO</b> 3h 15min	<b>TIPO DE PERCORRIDO</b> Circular
<b>ALTURA MÁXIMA</b> 999 m	<b>ALTURA MÍNIMA</b> 616 m	<b>DESNIVEL ACUMULADO</b> 590 m

**DIFICULTADE** Media-Alta **HOMOLOGADA** Si

**PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA** Aldea de Moreda

**ACCESO EN BICICLETA** Ciclable BTT en sentido horario

**SERVIZOS**

Na aldea de Moreda atópanse aloxamentos de turismo rural. Tamén é posible atopar fontes de auga potable en Moreda e en Esperante

M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esfuerzo
	1	2	2	3



**ACCESOS**

Dende Quiroga tomar a estrada LU-651 en dirección ao Folgoso e a Seoane do Courel. Pouco antes de chegar a Seoane, no quilómetro 33, tomar un desvío á dereita onde atopamos a indicación á poboación de Moreda, onde comeza a ruta.

**PERCORRIDO**

Aldea de Moreda, Esperante, Carbedo, Castelo de Carbedo,

**SINALIZACIÓN**

Sinalización segundo a normativa de homologación da F.G.M. Existe un panel de inicio en Moreda. Marcas de pintura realizadas en 2017.

**PUNTOS DE INTERESE / CONTORNA**

- > Moreda
- > Esperante
- > Castelo de Carbedo



Esta ruta parte da aldea de Moreda, e comezaremos o noso percorrido por un camiño que vai pola ladeira sur do Monte Cido e que gaña altitude a medida que avanza. Este sendeiro ofrécenos unhas boas vistas panorámicas sobre o val do Rego da Barxa e dos picos de Pinzas e Polín, así como da Devesa da Rogueira. A case dous quilómetros dende o inicio, cruzaremos a crista que divide o Monte Cido, e pasaremos a súa ladeira norte.

Dende aquí comezaremos a descender por un camiño en zigzag ata chegar ao fondo do val, onde cruzaremos o Carrozo de Muiñelo. Este punto marca o fin do descenso e continuaremos o camiño pasando por soutos de castiñeiros e polas aldeas de Esperante, O Carbedo e Linariños. Máis adiante pasaremos de novo a un terreo máis despexado e poderemos ver as ruínas do Castelo de Carbedo.

Dende aquí só resta ascender ao carón do Carrozo de Muiñelo uns centos de metros máis para volver a cruzar á ladeira norte do Monte Cido e descender de novo ata Moreda.

**RECOMENDACIÓNS**

Esta ruta é recomendable facela comezando pola ladeira sur da Serra das Travesas, xa que o desnivel positivo será máis levado desta forma. Na crista do Monte Cido existen varios restos arqueolóxicos sen escavar pero que se atopan sinalizados, e que nos permiten ver unhas boas panorámicas a ambos lados do monte. É posible visitar as ruínas do Castelo de Carbedo e contemplar os vales da zona.

**MÁIS INFORMACIÓN** [www.folgosodocourel.es](http://www.folgosodocourel.es) [www.wikiloc.com](http://www.wikiloc.com)